

**ORDENANZA FISCAL N.º 16- REGULADORA DA TAXA POLOS SERVICIOS  
ASOCIADOS Á CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVIS NAS  
DEPENDENCIAS MUNICIPAIS**

**Artigo 1.º.–Fundamento e natureza.**

De conformidade co previsto no artigo 20.4 do texto refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, o Concello de San Sadurniño establece a seguinte taxa reguladora dos servizos asociados á celebración de matrimonios civís nas dependencias municipais, que se rexerá pola presente Ordenanza.

**Artigo 2.º.–Feito imponible.**

1.Será obxecto desta taxa o conxunto de servizos asociados á celebración de matrimonios nas dependencias municipais do Concello de San Sadurniño, especialmente a organización do acto polo departamento da Secretaría da Alcaldía-Protocolo.

2.Non se inclúe nesta taxa nin a tramitación do expediente gubernativo previo ó matrimonio civil nin a expedición posterior do libro de familia.

**Artigo 3.º.–Suxeito pasivo.**

Están obrigados ó pagamento da taxa regulada nesta ordenanza os beneficiarios do servizo, entendéndose por tales os contraentes, que quedan obrigados solidariamente.

**Artigo 4.º.–Cota tributaria.**

1.–A cota pola prestación do servizo sinalada no artigo 2 da presente ordenanza ascende:

- a) Si algún dos contraentes está empadroado no Concello de San Sadurniño: 100 euros
- b) Noutro caso: 180 euros

2.–As anteriores tarifas actualizaranse anualmente e de forma automática segundo o índice de prezos ó consumo (IPC) publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

**Artigo 5.º.—Obriga de pagamento.**

1. A obrigación de pagamento da taxa reguladora nesta ordenanza nace no momento no que se inicia a prestación do servizo, entendéndose por tal a presentación da solicitude –que sempre facilitará o Negociado da Secretaría Particular da Alcaldía e Protocolo– no Rexistro Xeral do Concello.

2. Os solicitantes do servizo están obrigados a presentar a pertinente declaración nos impresos habilitados ó efecto pola Administración Tributaria Local e a realiza-lo ingreso da liquidación resultante na Tesourería Municipal ou nas entidades bancarias debidamente autorizadas, o que se deberá acreditar tamén no momento de presentala correspondente solicitude.

3. No suposto de que con posterioridade á presentación da solicitude, e antes da comunicación da fixación da data da cerimonia, os solicitantes desistisen do servizo solicitado, precederase á devolución de oficio do 75 por 100 do importe sinalado no artigo 4 desta ordenanza.

4. A celebración de vodas civís estará supeditado ós actos propios do Concello. A Alcaldía, mediante resolución, aprobará el reglamento no que se dispondrá o calendario, o réxime de delegacións nos membros da Corporación, e demais extremos relativos a prestación do servizo.

**Disposición final.**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día primeiro de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.